



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

Xefatura Territorial - A Coruña

Edificio Administrativo de Monelos
Praza Luis Seoane, s/n
15071 A Coruña

galicia

REQUIRIMENTO DE EMENDA DE DOCUMENTACIÓN

Pola Orde do 30 de decembro de 2014 da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria anúnciase a convocatoria de subvencións para a presentación de proxectos de fomento do uso do galego dos centros de titularidade privada de Galicia que imparten ensinanzas regradas de niveis non universitarios para o curso escolar 2014/15 (ED101A) (DOG núm. 5, do 09/01/2015).

A base quinta da convocatoria establece que as solicitudes que se presenten deberán formalizarse no modelo ED101A debidamente cuberto e asinado, **acompañado da documentación** que se sinala na base sexta, na forma e prazos que tamén se indican.

O Gabinete Provincial de Normalización Lingüística da Coruña, órgano encargado da instrución do procedemento ao abeiro da base sétima da orde de convocatoria, revisou as solicitudes presentadas e a documentación achegada polos centros.

De conformidade co disposto na referida base, no caso de estaren incompletas as solicitudes, conteren erros ou de que non se achegue toda a documentación acreditativa dos requisitos esixidos na convocatoria, requiriranse os/as persoas ou centros solicitantes para que, nun prazo de dez días hábiles, emenden a falta ou acompañen os documentos preceptivos, con indicación de que, se así non o fixeren, se considerará que desisten da súa petición e se arquivará o seu expediente na forma e termos indicados no artigo 71.1 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

Na devandita orde indícase que, por tratarse dun procedemento de concorrencia competitiva, e de conformidade co establecido nos artigos 59.6.b), 60 e 61 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, os citados requirimentos de emenda realizaranse mediante publicación na páxina web da Secretaría Xeral de Política Lingüística: <http://www.xunta.es/linguagalega>.

Polo exposto, acórdase

1.- Publicar na páxina web da Secretaría Xeral de Política Lingüística: <http://www.xunta.es/linguagalega>, a relación de solicitudes que non están debidamente cubertas e/ou non achegan a documentación preceptiva acreditativa dos requisitos esixidos na convocatoria. Esta relación xúntase como Anexo desta publicación, coa especificación dos documentos preceptivos requiridos a cada solicitante.

2.- Facer indicación expresa a todos os centros solicitantes relacionados no Anexo de que son requiridos para que no prazo de dez días hábiles, contados a partir do día seguinte ao da publicación deste requirimento na páxina web da Secretaría Xeral de Política Lingüística: <http://www.xunta.es/linguagalega>, emenden a falta ou acheguen os documentos preceptivos



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

Xefatura Territorial - A Coruña

Edificio Administrativo de Monelos
Praza Luis Seoane, s/n
15071 A Coruña

galicia

conforme se establece neste requirimento. De non o facer, considerarase que desisten da súa petición, e arquivarase o seu expediente logo da resolución que se ditará nos termos do artigo 42 da Lei 30/1992, do 26 de novembro.

A Coruña, 3 de marzo de 2015

O xefe do Gabinete de Normalización Lingüística da Coruña

Luis Sánchez Rodríguez





ANEXO

Relación de solicitudes suxeitas a emenda de documentación

Expediente	Concello	CIF	Centro	Emenda
CPR09	CORUÑA, A	G15028194	CPR Fundación Hogar de Santa Margarita	1.- Non se acredita a representación fidedigna.
CPR13	CORUÑA, A	R1500071D	CPR Marista Cristo Rei	1.- Non se acredita a representación fidedigna. 2.- Non se acredita o número da conta bancaria. 3.- Non presenta a copia do CIF. 4.- Proxecto sen as sinaturas requiridas.
CPR17	CORUÑA, A	R1500116G	CPR Plurilingüe PP Franciscanos	1.- Non se acredita a representación fidedigna.
CPR18	CORUÑA, A	R1500098G	CPR Salesianos San Juan Bosco	1.- Non se acredita a representación fidedigna. 2.- Proxecto sen o visto e prace do director/a do centro
CPR19	CULLEREDO	A15127137	CPR A Ponte Pasaxe, S.A.L.	1.- Proxecto sen as sinaturas requiridas.
CPR20	CULLEREDO	F15122294	CPR Plurilingüe Andaina	1.- Non se achega a segunda folla do Anexo I.
CPR23	FERROL	F15696917	CPR Colexio Ludy, S.C.G.	1.- Non se achega o Anexo I, modelo do ano 2015. 2.- Non se achega o Anexo II.
CPR24	FERROL	R1500087J	CPR Plurilingüe Jesús Maestro	1.- Non se acredita a representación fidedigna. 2.- Non se acredita o número da conta bancaria. 3.- No Anexo I que achegaron non asina a persoa representante.
CPR25	FERROL	R1500082A	CPR Colexio La Salle	1.- Proxecto sen a sinatura do coordinador/a do EDLG.
CPR26	FERROL	R1500074H	CPR Plurilingüe Santa Juana de Lestonnac	1.- Non se achega a segunda folla do Anexo I. 2.- Non se acredita o número da conta bancaria.



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

Xefatura Territorial - A Coruña

Edificio Administrativo de Monelos
Praza Luis Seoane, s/n
15071 A Coruña

galicia

CPR27	FERROL	R1500001A	CPR Sagrado Corazón	1.- Non se acredita a representación fidedigna. 2.- Proxecto sen a sinatura do coordinador/a do EDLG. 3.- O material necesario que figura na solicitude é todo funxible.
CPR27-2	FERROL	R1500066D	CPR Tirso de Molina	1.- Non se acredita a representación fidedigna. 2.- Non presenta a copia do CIF.
CPR31	NOIA	R1500102G	CPR María Assumpta	1.- No Anexo II non consta o nº de alumnos/as nin a cantidade que se solicita de subvención.
CPR35-2	SANTIAGO DE COMPOSTELA	F70005376	Conservatorio Histórico de Santiago	1.- Non se acredita a representación fidedigna. 2.- Non se achega o Anexo II normalizado. 3.- Proxecto sen a sinatura do coordinador/a do EDLG.
CPR43	SANTIAGO DE COMPOSTELA	R1500111H	CPR Plurilingüe San José de Cluny	1.- No Anexo I que achegaron non asina a persoa representante. 2.- No Anexo II que achegaron non asina a persoa representante.
CPR47	SANTIAGO DE COMPOSTELA	B15078843	CPR Santa Apolonia, S.L.	1.- Non se acredita a representación fidedigna.

A Coruña, 3 de marzo de 2015

O xefe do Gabinete de Normalización Lingüística da Coruña

Luis Sánchez Rodríguez

